



RESOLUCIÓN DE 7 DE XULLO DE 2014, DO XERENTE DE XESTIÓN INTEGRADA DA CORUÑA POLA QUE SE RESOLVE A CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A VINCULACIÓN TEMPORAL DE UNHA PRAZA DE FACULTATIVO ESPECIALISTA EN MICROBIOLOXÍA E PARASITOLOXÍA, CONVOCADA POR RESOLUCIÓN DE 22 DE OUTUBRO DE 2013.

Mediante Resolución de 22 de outubro de 2013 do Xerente de Xestión Integrada da Coruña convocáronse, para vinculación temporal por concurso de méritos, prazas de diversas especialidades de persoal licenciado sanitario.

Por Resolución de 25 de xuño de 2014, fixéronse públicos os acordos da Comisión de avaliación da especialidade de Microbioloxía e Parasitoloxía (nomeada por Resolución da Xerencia da EOXI Coruña do 9 de abril de 2014), cos resultados obtidos polos aspirantes concorrentes, abrindo un prazo de reclamacións para que os interesados presentaran as que considerasen pertinentes. Transcorrido o prazo regulamentado e presentada unha reclamación esta Xerencia

**RESOLVE:**

- Elevar a definitiva a listaxe provisional de puntuacións acadadas polos aspirantes:

Nome	Exp. profesional	Formación	Invest/innov. sanitarias	Galego	Entrevista	Total
Alvarez Paredes, Leticia	1,50	7,70	0,52	4	23	36,72
Carpintero Feijoo, Yolanda	0	11,10	0,90	0	Non presentada	12
De Malet Pintos Fonseca, Ana	0,90	5,37	0,35	4	20	30,62
Fernandez Gonzalez, Ana	6,90	13,51	10,60	4	25	60,01
Gude Gonzalez, M <sup>a</sup> Jose	3	10,12	1,55	4	25	43,67
Torres Sangiao, Eva	12,8	9,42	0,70	4	Non presentada	26,92

- Seleccionar para a cobertura da praza á candidata:

**ANA FERNANDEZ GONZALEZ: 60,01 Puntos**



De acordo coa base sétima da convocatoria, ábrese un prazo de toma de posesión dun mes para que o candidato formalice o nomeamento. O prazo comezará a contar dende o martes 8 de xullo de 2014.

Contra esta Resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a Dirección de RR.HH. do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes dende a súa publicación, conforme ao disposto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro).

A Coruña a 7 de xullo de 2014

XERENTE DE XESTIÓN INTEGRADA



Asdo.- Francisco José Vilanova Fraga